



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/06/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A N-554 é a estrada que vertebra grande parte do territorio do Concello de Vilaboa, en concreto as parroquias de Vilaboa, Santa Cristina e San Adrián. É o único acceso a moitos núcleos de poboación destas tres parroquias e, polo tanto, vial fundamental nos tránsitos locais e supralocais para os veciños e veciñas do noso concello.

O 15 de setembro de 2008 saíu publicado no DOG (Diario Oficial de Galiza) o Plan Director de Estradas de Galiza. En consecuencia, no Pleno de outubro de 2008 aprobouse, por unanimidade, unha moción do BNG para solicitar á Xunta de Galiza que demandara do Ministerio de Fomento a transferencia da titularidade da estrada.

No seu momento, o Grupo Parlamentario do BNG no Parlamento de Galiza presentou unha iniciativa ao respecto, e esta foi contestada, concretamente o día 12 de decembro, pola Consellería de Política Territorial na que dicía que non tiña previsto solicitar a transferencia da estrada.

Visto que na actualidade houbo cambio no executivo da Xunta de Galiza, e que, por tanto, cambiaron as persoas á fronte da consellería correspondente nesta materia, sería oportuno que o concello de Vilaboa retomase estas reivindicacións.

Para o concello de Vilaboa o paso á ser unha estrada da Xunta de Galiza suporía todo tipo de melloras. Desde as afeccións, as cales se verían reducidas, ata o tipo de estrada, que ao transcorrer na súa totalidade por núcleos de poboación tería un trato máis acorde coas súas características, e por tanto, tamén mellorarían as condicións de seguridade vial.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicitará á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras que se fagan as xestións oportunas para que a N-554 pase a ser de titularidade da Xunta de Galiza.

Segundo. O Concello de Vilaboa enviará o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galiza.

Terceiro. Os Grupos Municipais de Vilaboa comprométense a facer as xestións necesarias diante dos seus grupos parlamentarios para a toma en consideración desta proposta.

Vilaboa, 17 de xuño de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA